

PROTOCOLO DE MEDIDAS DA AD.FOGAR

FRONTE Á CRISIS SANITARIA DA COVID-19

AS MEDIDAS PROPOSTAS NESTE PROTOCOLO SÚMANSE ÁS RESTRICIÓN S ESTABLECIDAS POLAS AUTORIDADES COMPETENTES NA MATERIA, E DEBEN COMPLEMENTARSE COA RESPONSABILIDADE PERSOAL D@S PROPI@S DEPORTISTAS, SOCI@S, ADESTRADORES-AS E DIRECTIV@S DO CLUBE, RESPONSABILIZÁNDOSE DO SEU PROPIO RISCO DE CONTAXIAR E/OU SER CONTAXIADO.

• ANTES DE ACUDIR ÁS ACTIVIDADES, @S PARTICIPANTES E @S TÉCNIC@S DEBERÁN FACERSE UN AUTOTEST DE DETECCIÓN DE POSIBLES SÍNTOMAS COMO: FEBRE, TOSE, FALTA DE ALENTO, OLFAC TO E/OU GUSTO.

• CALQUERA QUE PUIDERA PRESENTAR ALGÚN DESTES SÍNTOMAS OU ESTIVASE EN CONTACTO CON POSIBLES CONTAXIADOS, NON PODERÁ ACUDIR ÁS ACTIVIDADES, NIN DESENVOLVER TAREFA ALGUNHA XUNTO CO RESTO DO GRUPO. ADEMAIS, DEBE COMUNICALO Á AUTORIDADE SANITARIA COMPETENTE E AO CLUBE A MAIOR BREVIDADE POSIBLE.

• PRIORIZARASE SEMPRE O DESPRAZAMENTO DE XEITO INDIVIDUAL E EN TRANSPORTE PRIVADO AO ACUDIR ÁS ACTIVIDADES.

• SERÁ OBRIGATORIO O CONTROL DA TEMPERATURA Á CHEGADA ÁS ACTIVIDADES. DE DETECTARSE FEBRE POR RIBA DOS 37,5°C, NON SE PODERÁ ACCEDER ÁS MESMAS.

• ÁS ACTIVIDADES SO PODERÁN ACCEDER CON TARXETA OS PARTICIPANTES E O PERSOAL TÉCNICO E/OU DIRECTIVO DO CLUB.

• NO CASO DE QUE ALGÚN PARTICIPANTE E/OU PERSOAL PRESENTARA SÍNTOMAS DA COVID-19 A SÚA CHEGADA, ILLARÁSELLE DO RESTO DO GRUPO DE FORMA INMEDIATA E ALERTARÁSE Á AUTORIDADE SANITARIA COMPETENTE.

• SERÁ OBRIGATORIO O LAVADO DE MANS CON XEL HIDROALCOHÓLICO PARA O ACCESO ÁS ACTIVIDADES E SAUDARSE SEN CONTACTO FÍSICO.

• ESTABLECERANSE COMO MEDIDAS FUNDAMENTAIS, O MANTEMENTO DA DISTANCIA INTERPERSOAL DE 1,5M E O USO DA MÁSCARA NAS ZONAS COMÚNS NAQUELES MOMENTOS EN QUE NON SE ESTEA A DESENVOLVER A ACTIVIDADE DEPORTIVA PROPIAMENTE DITA, E SEMPRE QUE NON SE POIDA MANTER A DISTANCIA INTERPERSOAL DE 1,5M.

• A PRÁCTICA DEPORTIVA PODERASE FACER DE XEITO INDIVIDUAL E COLECTIVO, SEN CONTACTO FÍSICO, E ATA UN MÁXIMO DE 25 PERSOAS SIMULTANEAMENTE, SEMPRE QUE NON SE SUPERE O 75% DO AFORO MÁXIMO PERMITIDO.

• AS TAREFAS A DESENVOLVER SERÁN SEMPRE SEN CONTACTO FÍSICO E DEBERÁN FACERSE MANTENDO A DISTANCIA MÍNIMA INTERPERSOAL DE 1,5M.

• CON CARÁCTER XERAL, NON SE PODERÁ COMPARTIR NINGÚN TIPO DE MATERIAL. SE ISTO NON FOSE POSIBLE, O MATERIAL UTILIZADO TERÁ QUE SER OBRIGATORIAMENTE DESINFECTADO E GARDADO AO FINALIZAR A SESIÓN.

• NA PISCINA SERÁ OBRIGATORIO O USO DE GORRO, LENTES E CHANCLETAS.

• QUEDA TERMINANTEMENTE PROHIBIDO COMPARTIR ALIMENTOS E/OU BEBIDAS ENTRE OS PARTICIPANTES E/OU O PERSOAL.

ESTAS NORMAS PODERÍAN SUFRIR MODIFICACIÓN S EN FUNCIÓN DO QUE PUIDERAN LEXISLAR AS AUTORIDADES COMPETENTES NA MATERIA.